

NOTA DE PRENSA

Falece o directivo do Padroado da Casa da Troia Juan Fuentes

Santiago de Compostela, 6 de xaneiro de 2015 (Vía Láctea Comunicación).-
O Padroado La Casa de la Troya comunica o pasamento de Juan Fuentes Bouzas, directivo da entidade troiana, así como da Asociación de Antigos Tunos Composteláns. Foi visitador médico e estaba xubilado. Militou na Tuna Compostelana de finais dos 50 e comezos dos 60. Sempre disposto a botar unha man antes de que lla pedisen, Fuentes foi colaborador incansable de Benigo Amor Rodríguez, o que fora o mecenas do museo troiano. Mañá mércores celébrase o seu funeral ás seis da tarde na igrexa de Sar.